UNIDADE 3: A ARTE ROMÁNICA. EXERCICIOS DE APOIO.

1.O seguinte exercicio permitirache repasar elementos estructurais e decorativos da arquitectura románica. Identifica todos os sinalados cunha frecha.



2. Identifica os elementos sinalados cun número no interior da igrexa de *Sainte Foy de Conques.*



3.Identifica a seguinte imaxe e indica nos recadros cales son as figura s que faltan.



4.Contesta ás seguintes cuestións::

4.1.Cales son as principais características formais da pintura románica?

4.2.Podemos falas duns trazos comúns na arte do Camiño de Santiago?

4.3.Cal é a finalidade das artes plásticas no Románico?

SOLUCIÓNS.

1.O seguinte exercicio permitirache repasar elementos estructurais e decorativos da arquitectura románica. Identifica todos os sinalados cunha frecha.



2. Identifica os elementos sinalados cun número no interior da igrexa de Sainte Foy de Conques.



3.Identifica a seguinte imaxe e indica nos recadros cales son as figura s que faltan.



4. Contesta ás seguintes cuestións.

4.1. Os trazos formais da pintura románica son o uso da técnica do fresco ou da témpera, o uso da liña(un forte trazo negro fai o contorno das figuras) o uso de colores puros, sen case mesturas,(azuis, amarelos, vermellos...), a ausencia de profundidade e apenas referencias espaciais, o uso de fondos monocromos ou de bandas de cor horizontais,as formas xeométricas para as figuras, a frontalidade das figuras, e a composición das escenas a base de relacións simétricas e xustaposicións.

4.2.A existencia de similitudes en torno ao Camiño de Santiago fai que falemos da arte do Camiño de Santiago. En Arquitectura xurde unha nova tipoloxía arquitectónica,nos grandes centros de peregrinación (Santiago, Toulousse, Conques...) e ademais xurdirán numerosos edificios con conexións estilísticas entre eles, en planta, elementos estructurais e decorativos, e programas escultóricos. caracterizados polo seu estilo calmado, o recurso a modelos clásicos e o seu carácter pastoral. Na xestación desta arte é fundamental a existencia de obradoiros itinerantes**,**

4.3.. A imaxe románica cargarase así dunha **finalidade didáctica**, e estará marcada pola dualidade do pensamento cristián. Hai que ter en conta que a imaxe será instrumentalizada polos estamentos privilexiados (clero e nobreza) cunha finalidade propagandística. Os programas pictóricos que recubrirán os muros das igrexas, ou a escultura das portadas monumentais eran instrumentos cos que se ensinaban os principios fundamentais, da relixión, preceptos morais, normas sociais... A imaxe terá un forte carácter simbólico, arredada dun plantexamento realista, e con frecuencia presentará lecturas alegóricas con varios niveis de comprensión (para o pobo, e para os privilexiados)